



## LICITACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA CAFETERÍA DO IES EDUARDO PONDAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ofértase para a súa xestión e explotación o servizo de cafetería do IES Eduardo Pondal, un espazo de aproximadamente 100,00 m cuadrados cun pequeno almacén de 4,00 m cuadrados, que ofrece servizo diario a aproximadamente 350 persoas, entre alumnado, profesorado e persoal non docente.

A cafetería conta co mobiliario (mesas e cadeiras) e elementos básicos (cámara frigorífica, lavavaixelas, cafeteira e cortadora) para o seu funcionamento. Conta tamén con algunha vaixela.

O horario de atención ao público é de 8:45 h a 14:25 h, agás os martes que será de 8:45 h. a 18:10 h.

O/A adxudicatario/a deberá pagar un canon (que debe explicitar na súa oferta), facer un seguro de responsabilidade civil que cubra a cantidade de 20.000 euros e aboar un tanto por cento do consumo anual de auga, gasóleo e luz do centro.

O contrato terá a duración do curso académico 2016-17.

### CONDICIÓN S

Carné de manipulador/a de alimentos e distintos certificados da Seguridade Social e Facenda (segundo condicións estipuladas no modelo de contrato da Consellería de Educación que se pode consultar na Secretaría do centro).

Os interesados/as deberán presentar na secretaría do centro unha proposta por escrito en sobre cerrado na que, ademáis de facer constar que cumpre a totalidade dos requisitos, debe propoñer a súa oferta de produtos á expender ademáis dos que xa propón a Consellería. Valorarase especialmente a oferta de produtos que fomenten unha alimentación saudable.

O prazo para a presentación de interesados/as vai **do 12 ao 31 de xullo de 2016**. A presentación de propostas será do 27 ao 31 de agosto.

Pódese recoller o prego de condicións na secretaría do centro.